



## **CONCELLO DE NARON**

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DO INFORME TÉCNICO E A REALIZACIÓN DA APERTURA DO SOBRE "C" QUE CONTÉN A OFERTA ECONÓMICA, DA CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE PEQUENO MANTEMENTO, LIMPEZA E APERTURA E PECHE DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO CAMPO DA SERRA – STA. ICÍA.

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, en cumprimento do previsto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación do devandito servizo, reúnese a Mesa de Contratación formada por:

Presidenta: Dna. Marian Ferreiro Díaz (Alcaldesa Accidental).

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral da Corporación

Dna. María del Pilar Canzobre Méndez, Interventora Xeral

D. Román Romero Franco concelleiro delegado para asuntos de deportes

Secretario: D. Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección de Contratación

As doce horas e quince minutos do día 7 de decembro de dous mil dezaseis, previamente a convocatoria pública a Mesa, ás 12,30 horas, a presidencia abre o debate sobre o informe emitido polo técnico D. Francisco García Gato en relación coas ofertas técnicas presentadas polo licitadores, dándose como resultando o referendo dos criterios técnicos expostos non devandito informe, puntuándose as ofertas do modo seguinte:

<b>Entidade</b>	<b>Proxecto de Execución</b>	<b>Maquinaria e recursos humanos</b>	<b>Puntuación Total</b>
Eulen S.A.	10	10	20
Viraxes S.L.	14	15	29
Limpergal S.L.	16	15	31
Pedra Salgada S.L.	20	11	31
Limpiezas Manser S.L.	10	11	21
Limanfer S.L.	20	13	33
Arasti Barca M.A. S.L.	17	13	30
Grupo Mar S.L.	10	8	18



## **CONCELLO DE NARON**

De conformidade co establecido na cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público e, despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, neste acto público de apertura, cabe manifestar que asistiu un representante da empresa Limpiezas Manser S.L. e outro licitador non identificado, ao persoarse unha vez iniciado o acto.

Sendo as 12:30 horas da data indicada anteriormente procédese en acto público á apertura dos sobres "C" que conteñen a oferta económica presentada polas empresas participantes no procedemento. Previamente, o secretario procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, dándose a coñecer o informe técnico de valoración do sobre "B" de Referencias Técnicas e a puntuación outorgada que se reflicte no cadro anterior.

Unha vez posta en coñecemento dos licitadores a puntuación obtida na valoración das Referencias técnicas, procédese á apertura dos sobres "C", relativos ás Ofertas Económicas:

Empresa Eulen, S.A., propón un prezo: 15,67 euros/hora; 18,96 euros/hora, IVE incluído.

Empresa Viraxes S.L., propón un prezo: 15,00 euros/hora; 18,15 euros/hora IVE incluído

Empresa Limpergal S.L., propón un prezo: 15,33 euros/hora; 18,55 euros/hora IVE incluído.

Empresa Pedra Salgada S.L., propón un prezo de 13,10 euros /hora; 15,85 euros/hora IVE incluído

Empresa Limpiezas Manser S.L., propón un prezo de 14,00 euros /hora; 16,94 euros/hora IVE incluído

Empresa Limanfer S.L., propón un prezo de 13,95 euros /hora; 16,88 euros/hora IVE incluído

Empresa Arasti Barca M.A., S.L. propón un prezo de 15,11 euros/hora; 18,28 euros/hora IVE incluído.

Empresa Grupo Mar S.L., propón un prezo de 21,78 euros/hora IVE incluído



## **CONCELLO DE NARON**

Rematada a lectura das ofertas económicas, a Presidencia convida aos representantes dos licitadores asistentes ao acto a que manifesten as dúbidas que se lle ofrezan ou aclaracións pertinentes.

Unha vez abandonada a sala polo público asistente, continúa a reunión para puntuar as ofertas mediante a aplicación da correspondente fórmula matemática e propoñer a adxudicación ao órgano de contratación: Fórmula a aplicar:  $65 \times (\% \text{ Da baixa a valorar}) / (\% \text{ da oferta máis baixa})$ , previamente compróbase a existencia de baixas desproporcionadas, resultando que a oferta presentada empresa Pedra Salgada S.L., pódese considerar, segundo os criterios establecidos no apartado 16 da folla resumo do prego de cláusulas administrativas particulares, como anormal ou desproporcionada, polo que se lle concede un prazo de tres días para xustificar a súa proposta.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 12:55 horas da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu o secretario dou fe, asinando comigo a Sra. Presidenta



**CONCELLO DE NARON**

---